



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Bases reguladoras para a convocatoria de axudas económicas ás familias con fillas/os de ata tres anos de idade para a atención das necesidades de conciliación.

ANUNCIO

Bases reguladoras para a convocatoria de axudas económicas ás familias con fillas/os de ata tres anos de idade para a atención das necesidades de conciliación.

(Expediente 2022/A011/000002)

Por medio do decreto número 798/2022 de data 13/12/2022 resolveuse aprobar as “**Bases reguladoras para a convocatoria de axudas económicas ás familias con fillas/os de ata tres anos de idade para a atención das necesidades de conciliación**”, cuxo contido se transcribe:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS ÁS FAMILIAS CON FILLAS/OS DE ATA TRES ANOS DE IDADE PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES DE CONCILIACIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española, no seu artigo 39, establece que os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no seu artigo 6, como principio reitor da actuación dos poderes públicos de Galicia, o apoio e a protección da familia, e reconece, como un dos principios de responsabilidade pública, o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no seu artigo 50 establece que as administracións públicas de Galicia poñerán á disposición das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, estipula en diferentes artigos o apoderamento dos Municipios para planificar, organizar, ordenar e regular con autonomía os intereses municipais para satisfacer as necesidades, demandas e aspiracións da veciñanza no seu ámbito territorial.

O novo modelo de organización familiar baseado na corresponsabilidade ente mulleres e homes na atención ás necesidades domésticas e do coidado das fillas e fillos, esixe unha resposta diferente e axustada as necesidades do noso tempo e a nosa sociedade.

É necesario que tanto as administracións públicas como as empresas privadas establezan medidas que faciliten as mulleres e os homes que o necesiten, servizos, axudas e infraestruturas que permitan a conciliación, como única forma de evitar os prexuízos derivados da falta de medios para conciliar.

O concello de Pontedeume vén traballando nesta dirección dende hai anos. Na actualidade e dada a importancia que este tema ten dentro da Igualdade de Oportunidades, a conciliación da vida familiar e profesional segue a ser unha das áreas específicas do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Pontedeume, como xa o fora no primeiro e segundo (predecesores).

Neste compromiso o concello de Pontedeume establece un plan de acción tratando de fomentar cambios nas actitudes a ditos estereotipos e roles, impulsando a distribución corresponsable das tarefas domésticas e do coidado e coa posta en marcha dunha liña de axudas económicas, de pago único, de apoio en medidas de conciliación dirixida ás familias empadroadas no noso concello con fillos e fillas de cero a tres anos.

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas económicas ás familias con nenas e nenos de ata tres anos de idade, estes incluídos, para a atención das súas necesidades de conciliación, como medida que permita facilitar a compatibilización entre as responsabilidades parentais de coidado das fillas e fillos con outras responsabilidades personais, laborais e familiares.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

1.- Poderán ser beneficiarias/os destas axudas as/os nais/pais, as persoas titoras, as persoas adoptantes ou as persoas que as/os teñan en situación de acollemento familiar ou garda con fins adoptivos, de nenas e nenos nadas/os no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e a data de publicación desta convocatoria.

2.- A persoa solicitante deberá estar empadroadada no Concello de Pontedeume, cunha antigüidade mínima de dous anos (segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume). Tódolos membros da unidade familiar teñen que estar empadroados no mesmo domicilio. Estes requisitos deberán cumprirse na data de publicación desta convocatoria.

3.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do exercicio 2021, de tódolos membros computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle ós datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Número de persoas da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
Unidade familiar de 2 persoas	19.455,07€ (2,8 x IPREM)
Unidade familiar de 3 persoas	24.318,84€ (3,5 x IPREM)
Unidade familiar de 4 persoas	28.487,78€ (4,1 x IPREM)
Unidade familiar de 5 persoas	31.961,90€ (4,6 x IPREM)
Unidade familiar de 6 persoas	34.741,20€ (5 x IPREM)

A partir do sexto membro, engadiranse 2.084,47€ (0,3 x IPREM) por cada novo membro computable.

As persoas solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.

Ós efectos destas bases, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/fillas menores de 18 anos, empadroados no Concello de Pontedeume e no mesmo domicilio, na data de publicación desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida incluíranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO E CONTÍA DAS AXUDAS.

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2311.48004 do orzamento municipal para o 2022, ata un total de 33.500 € para o dito exercicio, imputable no proxecto de gasto 2022/3/LH/2.

As axudas serán dunha contía de 300,00€ por cada nena/o nada/o no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e a data de publicación desta convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE.

1.- Lugar. As solicitudes presentaranse no modelo establecido, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello de Pontedeume, ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Prazo. As solicitudes presentaranse no prazo de sete días naturais a contar dende o seguinte á publicación do extracto destas bases no BOP, previa publicación do anuncio na BDNS.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- Documentación a presentar:

- a) Solicitude, segundo o modelo establecido (Anexo I).
- b) Fotocopia do D.N.I. da persoa solicitante.
- c) Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou Certificados de nacemento das fillas/os polos que se solicita a axuda.
- d) Se é o caso, documentación acreditativa da adopción, acollemento familiar ou garda con fins adoptivos.
- e) Se é o caso, sentenza xudicial de separación / divorcio
- f) Se é o caso, convenio regulador do establecemento de medidas paternofiliais que determine quen ostenta a garda e custodia das fillas e fillos.
- g) Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2021 (completa) da persoa solicitante e da súa parella / cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- h) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e de non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume, e autorización para a súa comprobación, segundo o modelo establecido (Anexo II).
- i) Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido (Anexo III).
- l) Declaración responsable e autorización de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e autorización para a súa comprobación, segundo o modelo establecido (Anexo IV).

O Concello de Pontedeume comprobará de oficio os datos relativos ó Padrón de habitantes.

QUINTA.- OUTORGAMENTO DAS AXUDAS.

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos na base segunda, outorgaranse por estrito orde de entrada no Rexistro do Concello (atendendo ó día, hora, minuto e segundo) ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia na base terceira.

Naqueles supostos nos que se requira ás persoas solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por data e hora de entrada da solicitude aquela na que dito requirimento fora correctamente atendido. (Isto é, atenderase ó rexistro presentado coa documentación xustificativa subsanada, non ó primeiro rexistro solicitando a axuda).

SEXTA.- OBRIGAS DA/O BENEFICIARIA/O

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- b) Xustificar ante o Concello de Pontedeume o cumprimento dos requisitos.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- f) Declarar que se atopa ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, así como autorizar ó Concello a súa comprobación.
- g) Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas.

OITAVA.- PUBLICIDADE

As presentes bases deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na Base de datos Nacional de subvencións (BDNS), comezando o cómputo do prazo para a presentación de solicitudes ó día seguinte da publicación no BOP das presentes Bases.

NOVENA.- NORMATIVA SUPLETORIA.

Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

DÉCIMA.- RECURSOS

Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Sen prexuízo de que poidaexercitar calquera outro que estime procedente.

O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICAS ÁS FAMILIAS CON FILLAS/OS DE ATA TRES ANOS DE IDADE PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES DE CONCILIACIÓN. (ANEXO I)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS:	
DNI:	TELÉFONO/S:
ENDEREZO:	

DATOS DAS/DOS FILLAS/OS POLAS/OS QUE SOLICITA A AXUDA

NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO (ou adopción)	DNI (se o ten)

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR (Consignar só os datos da persoa proxenitora que non figure como solicitante e de outras/os fillas/os, se é o caso)

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO

ANEXO I (Continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA** (marcar cun x)

- Fotocopia do D.N.I. da persoa solicitante.
- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou Certificados de nacemento das/os fillas/os.
- Se é o caso, documentación acreditativa da adopción, acollemento familiar ou garda con fins adoptivos.
- Se é o caso, sentenza xudicial de separación / divorcio.
- Se é o caso, convenio regulador do establecemento de medidas paternofiliais.
- Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2021 (completa) da persoa solicitante e da súa parella / cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

DATOS BANCARIOS PARA O INGRESO DA AXUDA

Declaro responsablemente que son titular da seguinte conta bancaria:

Número de conta bancaria (24 díxitos)

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE PONTEDEUME, con dirección RÚA REAL 13, 15600-PONTEDEUME (A CORUÑA): correo@ponteume.gal.

1.- DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEDEUME é Servicos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB,S.L. có que poderá contactar en correo@ponteume.gal.

2.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para a xestión administrativa derivada desta solicitude.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas.

3.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como, opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O CONCELLO DE PONTEDEUME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

A persoa solicitante declara que son certos os datos consignados neste formulario, que presenta ó abeiro das Bases reguladoras para a convocatoria de axudas económicas ás familias con fillas/os de ata tres anos de idade para a atención das necesidades de conciliación, e autoriza ó Concello de Ponteume a realizar todas aquelas comprobacións que sexan necesarias para a resolución desta solicitude.

Ponteume, ___ de _____ de 202_ Sinatura: _____

DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN (ANEXO II)

Nome e Apelidos: _____

con DNI _____, como persoa solicitante, e autorizando ó Concello de Pontedeume a comprobar a veracidade destes datos, declara responsablemente:

1.- Non estar incurso/o en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

2.- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume.

Pontedeume, ___ de _____ de 202_ Sinatura: _____

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III)

Nome e Apelidos: _____

con DNI _____, como persoa solicitante, declara responsablemente que en relación a outras axudas solicitadas ou concedidas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- Si solicitou e / ou se lle concederon outra/s axuda/s para a mesma finalidade, e que a contía da axuda non superou o 100% do gasto financiado.

CONCEPTO	ORGANISMO	CONTÍA

Pontedeume, ___ de _____ de 202_ Sinatura: _____

DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN (ANEXO IV)

Nome e Apelidos: _____
con DNI _____, como persoa solicitante, e autorizando ó Concello de Pontedeume a comprobar estes datos, declara responsablemente:

1.- Que estou ó corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias en xeral (Estado, Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume e coa Seguridade Social, e que non son debedora/or por resolución de procedencia de reintegro de subvención, (aos efectos previstos no art. 24 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións) comprometéndome a notificar o cambio en dita situación (no prazo de trinta días naturais contados dende o día seguinte á notificación da resolución).

2.- Que, ós efectos previstos no art. 69.9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, cumpro con tódolos requisitos establecidos na normativa vixente para obter a subvención, que dispoño da documentación que así o acredita, que a poñerei ao dispor do Concello cando me sexa requirida e que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento do dereito á devandita subvención.

Pontedeume, ___ de _____ de 202_ Sinatura: _____

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do contido do dito Decreto.
Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernandez Pineiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 14 de decembro de 2022.

2022/7904